

O presente documento estará
 exposto no Taboaire de
 Anuncios desta Deputación
 desde o día 27-06-2023
 ata a día 27-07-2023
 O XEFE DA UNIDADE
 PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O.
 [Handwritten signature]

Anuncio

NOMEAMENTO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD UNHA (1) PRAZA DE OFICIAL/A EBANISTA, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVICIOS ESPECIAIS, CLASE PERSOAL DE OFICIOS, CATEGORÍA OFICIAL, GRUPO C - SUBGRUPO C2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 (TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO).

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 23 de xuño de 2023 adoptou, entre outros, o seguinte acordo que se reproduce de xeito literal:

"As bases xerais que regulan xunto coas bases específicas, os procesos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - IC) Taxa adicional de Estabilización de emprego temporal (Disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de Decembro), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso, acceso libre publicáronse no BOP núm. 241, do 21.10.2022.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso, unha (1) praza de Oficial/a Ebanista da escala de administración especial, subescalaservizos especiais, clase persoal de oficios, categoría oficial, grupo C - subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022(taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), fixéronse públicas no BOP núm. 241, do 21.10.2022.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditado pola persoa aspirante proposta a documentación á que se refire a base xeral 13, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo nomeando como funcionario de carreira a:

Don Álvaro Fernández Ferreiro, para ocupar a praza número 1226, denominada Oficial/a Ebanista, escala administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, categoría oficial, grupo C - subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022(taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), adxudicándolle o posto de traballo denominado Oficial/a Ebanista Entrada número 1297, vinculado á citada praza."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Anuncio publicado en: Núm. BOP 146 do 27 de xuño de 2023

Lugo, 26 de xuño de 2023 .- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1979

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 27-06-2023
ata a día 27-07-2023
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O.
